



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Interpretación consecutiva idioma 1: Francés-Galego

Materia	Interpretación consecutiva idioma 1: Francés-Galego			
Código	V01G230V01619			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Francés Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Cano Carteret, Nathalie Ferreiro Vázquez, Óscar			
Profesorado	Cano Carteret, Nathalie Ferreiro Vázquez, Óscar			
Correo-e	nathalie.cano@uvigo.es oferreiro@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Modalidade da interpretación, a técnica consecutiva é de carácter práctico. A finalidade é que o alumnado adquira as técnicas básicas para levar a cabo unha interpretación de forma consecutiva.			

## Competencias de titulación

Código	
A1	Dominio de linguas estranxeiras
A2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
A3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
A4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
A5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
A6	Utlización de ferramentas informáticas e instrumentos técnicos para a interpretación
A7	Dominio de técnicas de tradución asistida/localización
A8	Destreza para a procura de información/documentación
A9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
A11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
A12	Posuír unha ampla cultura
A13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión
A14	Dominio de ferramentas informáticas
A16	Capacidade de deseñar, organizar o traballo e xerir e coordinar proxectos
A17	Capacidade de tomar decisións
A18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
A19	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
A20	Facilidade para as relacións humanas
A21	Rigor e seriedade no traballo
B1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
B3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
B4	Resolución de problemas
B5	Coñecementos de informática aplicada
B6	Capacidade de xestión da información
B7	Toma de decisións
B8	Compromiso ético e deontolóxico
B9	Razoamento crítico

B11	Habilidades nas relacións interpersoais
B12	Traballo en equipo
B13	Traballo nun contexto internacional
B14	Motivación pola calidade
B15	Aprendizaxe autónoma
B16	Adaptación a novas situacións
B17	Comprensión doutras culturas e costumes
B18	Creatividade
B19	Iniciativa e espírito emprendedor
B20	Lideranza
B21	Sensibilidade co medio
B22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
B23	Capacidade de traballo individual
B24	Deseño e administración de proxectos

### Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Fornecer coñecementos teóricos básicos sobre os principios que rexen a interpretación consecutiva.	A2 A8 A9 A17 A21	B6 B8 B9 B15 B23
Sentar as bases teóricas e metodolóxicas para a aprendizaxe das técnicas de interpretación consecutiva de linguas.	A2 A8 A9 A17 A18 A21	B6 B7 B8 B9 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B17 B18 B19 B22 B23
Adquirir as técnicas básicas de interpretación consecutiva.	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A11 A12 A13 A14 A16 A17 A18 A19 A20 A21	B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B17 B18 B19 B20 B21 B22 B23 B24

Desenvolver as capacidades de comprensión, análise e produción do discurso oral nas linguas de traballo.	A1	B1
	A2	B6
	A3	B9
	A4	B15
	A12	B17
	A13	B22
	A17	B23
	A18	

Fornecer as ferramentas básicas para a xestión do discurso, a aprendizaxe continua e a resolución de problemas.	A1	B1
	A3	B4
	A4	B5
	A5	B6
	A8	B7
	A11	B8
	A12	B9
	A13	B11
	A14	B12
	A17	B13
	A18	B14
	A19	B15
	A21	B16
		B17
		B18
		B21
	B22	
	B23	
	B24	

## Contidos

### Tema

Fase inicial: introdución	1. Conseguir seguridade e confianza ao falar en público: superar o nerviosismo, eliminar xestos que interfiran na comunicación, utilizar a voz e a postura de maneira adecuada.
1. Repaso e consolidación dos obxectivos de aprendizaxe da materia de interpretación de enlace.	2. Axustar o nivel da lingua materna: utilizar un rexistro adecuado, eliminar marcas informais da lingua, mobilizar un léxico rico e variado.
2. Valorización da cultura xeral: asunción das lagoas de coñecemento e fomento da curiosidade.	3. Ser conscientes do nivel necesario das linguas A e B: identificar posibles eivas e comezar a superalas.
3. Introducción de obxectivos específicos da interpretación consecutiva.	4. Aumentar a capacidade de escoita e análise, concentrarse na escoita, ordenar a mensaxe.
	5. Familiarizarse coas fórmulas e esquemas habituais dos discursos formais.
	6. Elaborar discursos propios na lingua A con fluidez e propiedade.
Fase intermedia: fundamentos	1. Aumentar a capacidade de memoria a curto prazo: identificar os elementos que a desencadean, desenvolver a memoria visual e a memoria analítica.
1. Desenvolvemento das competencias principais para realizar unha boa interpretación consecutiva.	2. Consolidar as capacidades de escoita e análise.
	3. Ser capaces de realizar unha interpretación consecutiva-resumo sen toma de notas entre as linguas B e A.
	4. Desenvolver a capacidade de resolución de problemas. Aceptar a imposibilidade da perfección da interpretación e do control sobre o discurso orixinal.
	5. Ter criterio para introducir a toma de notas durante a audición: aprender a seleccionar a información relevante.
	6. Aplicar os principios fundamentais da toma de notas á interpretación consecutiva.
	7. Reformular sinteticamente e con corrección na lingua B discursos producidos na lingua A.

Fase avanzada	1. Ser capaz de reflexionar con criterio sobre os discursos e interpretacións propias e dos compañeiros.
1. Perfeccionamento das competencias principais para realizar unha boa interpretación consecutiva.	2. Introducir e integrar os símbolos útiles para cada estudante e elaborar o seu propio sistema de toma de notas.
2. Desenvolvemento da metacognición.	3. Ser quen de detectar as eivas sobre o desempeño propio e de elaborar e aplicar un plan de traballo axeitado ás necesidades de aprendizaxe.
	4. Equilibrar a utilización das notas e o uso da memoria.
	5. Ter claro o que entendemos por unha boa interpretación e ser quen de avaliar interpretacións propias e alleas.
	6. Dominar a notación dos conectores.
	7. Experimentar distintas formas de toma de notas, escoller cando e como.
	8. Desenvolver a capacidade de anticipación.
	9. Aumentar a rapidez de mobilización de recursos lingüísticos nas linguas A e B.
	10. Consolidar a memoria a curto prazo.
Fase final: consolidación e perfeccionamento	1. Ser capaz de restituír información máis complexa en consecutiva: conceptos abstractos e nomes propios.
1. Superación definitiva das dificultades de aprendizaxe.	2. Ser capaz de restituír números e unidades, saber adaptar a estratexia de toma de notas en función do discurso.
2. Consolidación da técnica de interpretación consecutiva ante situacións de maior nivel de dificultade.	3. Consolidar a expresión oral na lingua B. Elaboración de mini discursos nesta lingua.
	4. Introducir discursos con maior dificultade.
	5. Superar definitivamente os problemas específicos de cada estudante.
	6. Dominio das decisións sobre a toma de notas, a análise e a restitución do discurso.
	7. Consolidación da técnica de interpretación consecutiva con toma de notas con discursos algo máis densos, complicados e rápidos.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	8	10
Prácticas de laboratorio	20	20	40
Seminarios	9	20	29
Traballos de aula	0	14	14
Resolución de problemas e/ou exercicios	10	20	30
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	7	20	27

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades de repaso das competencias adquiridas na materia "Interpretación de enlace francés-galego" e de introdución ás competencias específicas da materia "Interpretación consecutiva francés-galego". Exercicios de interpretación de memoria, análise, síntese e elaboración de discursos, así como de reflexión sobre cuestións teóricas básicas e cultura xeral. Este período de actividades introdutorias será desenvolvido polo profesor Óscar Ferreiro, quen impartirá un total de 12 horas da materia.
Prácticas de laboratorio	Práctica de interpretación consecutiva, con distintas variantes en función da fase e necesidades de aprendizaxe.
Seminarios	Reflexión e discusión sobre coñecementos ou nocións teóricas e a súa aplicación á práctica da interpretación consecutiva.
Traballos de aula	Actividades realizadas na clase, de forma individual ou en grupo, para exercitar e desenvolver as competencias da materia ou poñer en práctica coñecementos teóricos.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade práctica orientada á resolución de problemas e dúbidas de carácter técnico e terminolóxico.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Haberá atención personalizada. É moi importante que o alumnado reflexione sobre a súa evolución, analizando se conseguiu os obxectivos marcados. O docente acompañará ao alumno a cada momento para orientalo.

Prácticas de laboratorio	Haberá atención personalizada. É moi importante que o alumnado reflexione sobre a súa evolución, analizando se conseguiu os obxectivos marcados. O docente acompañará ao alumno a cada momento para orientalo.
Traballos de aula	Haberá atención personalizada. É moi importante que o alumnado reflexione sobre a súa evolución, analizando se conseguiu os obxectivos marcados. O docente acompañará ao alumno a cada momento para orientalo.

## **Avaliación**

	Descrición	Cualificación
Prácticas de laboratorio	Os alumnos que se acollan á avaliación continua deberán realizar na metade do curso unha proba de interpretación consecutiva francés-galego en cabina.	15
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Proba final en cabina dunha interpretación consecutiva francés-galego.	85

## **Outros comentarios sobre a Avaliación**

1) O alumnado que siga o curso con asistencia regular ás clases (80% presencial) poderá acollerse ao sistema de avaliación continua. O que non cumpra co 80% de presencialidade, deberá presentarse ao exame final de maio que coincidirá co último día de clases.

A proba final, tanto para os alumnos de avaliación continua, como para os que non a sigan será o último martes de clase á hora e na aula onde se imparta a materia.

2) Os alumnos Erasmus seguirán o mesmo método de avaliación.

3) Aos alumnos de avaliación continua que non superen a materia en maio gardaráselles o 15 % da proba parcial. O exame de xullo será igual que o da avaliación única do mes de maio.

## **Bibliografía. Fontes de información**

Collados, Ángela y Fernández, Manuela (coords), Manual de interpretación bilateral, 2001, Granada: Comares.

Gile, Daniel, Basic Concepts and Models for Interpreter and Translator Training, 1995, Amsterdam: John Benjamins.

Gillies, Andrew, Note-taking for consecutive interpreting [a short course], 2007, Manchester: St. Jerome.

Gillies, Andrew (coord.), Interpreting Training Resources, the only dedicated site for students of conference interpreting, , <http://interpreters.free.fr/consec.htm>.

## **Recomendacións**

### **Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Interpretación simultánea idioma 1: Francés-Galego/V01G230V01603

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Idioma moderno: Idioma 1, I: Francés/V01G230V01104

Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Francés/V01G230V01418

Ferramentas para a tradución e a interpretación II: Documentación/V01G230V01313

Interpretación de enlace idioma 1: Francés-Galego/V01G230V01516